



**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL
FUNDACION ESPAÑOLA DE AXUDA Á INVESTIGACION EN PARKINSON E OUTRAS
ENFERMIDADES NEURODEXENERATIVAS, PARA O FINANCIAMENTO DOS
PROXECTOS DE INFORMACIÓN, DIVULGACIÓN E SENSIBILIZACIÓN SOCIAL E
CAPTACIÓN DE FONDOS PARA O DESENVOLVEMENTO DA LABOR INVESTIGADORA
E DO SEU MANTEMENTO PARA O EXERCICIO 2018**

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade,

DECLARA:

Que a Consellería de Política Social ten previsto formalizar coa entidade Fundación Española de Axuda á Investigación en Parkinson e outras enfermidades neurodexenerativas (en adiante FUNDACION), o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que estenderá os seus efectos dende a súa formalización ata o 31 de decembro de 2018. Non obstante, financiaranse os gastos realizados dende o 1 de xaneiro de 2018 sempre e cando amparen actuacións encamiñadas a asegurar o correcto cumprimento dos acordos acadados.

Que o instrumento convencional ten por obxecto a colaboración por parte da Consellería de Política Social no financiamento do mantemento da FUNDACION e dos seus programas de comunicación e presentación e captación de fondos, con relación a enfermidade de Parkinson e outras enfermidades neurodexenerativas desenvolto no exercicio 2018.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundamentase no seguinte:

Actualmente faise preciso establecer medidas de apoio orientadas ao desenvolvemento do tecido asociativo integrado polas entidades de iniciativa social que traballan na atención das persoas con discapacidade, dado que desenvolven unha importante labor complementaria á financiada a través dos recursos da administración pública.

Conforme aos requisitos previstos no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no 36 c) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, a FUNDACION é a única entidade de iniciativa social que desenvolve un programa de información, divulgación e sensibilización social sobre a enfermidade do Parkinson dirixida a pacientes e familiares, así como a captar fondos que permitan desenvolver a labor investigadora sobre esta enfermidade.

Así mesmo, as actuacións obxecto deste convenio, recollidas na súa cláusula primeira; a súa adecuación ao ámbito competencial da Consellería de Política Social previsto no Decreto 176/2015, de 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da





Consellería de Política Social, e no seu artigo 20, onde se describen as competencias da Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade; e as específicas necesidades inherentes ao colectivo ao que van dirixidas, considéranse razóns que acreditan o seu interese social.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do Sector Público ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste asino esta memoria en Santiago de Compostela, a 15 de outubro de 2018

